



NOVAS NADAL MESÍA



INFORMACIÓN DETALLADA DO NOSO NADAL 2023 NA WEB E NO FACEBOOOK

- É obrigatorio anotarse a todas as **actividades** para estimar asistencias, aínda que sexan gratuítas. Chamando por teléfono á Casa da Cultura: 981 687241. Máis información teléfono: 699 453 750.
- Consultade informacións actualizadas na páxina www.concellodemesia.gal ou no facebook *ConcelloMesía*.
- Novo horario de Nadal na CASA DA CULTURA:
Luns, mércores e venres: 10:30-13:00h. Tardes 16:00-18:00h. (Pechado 5 Xaneiro pola Festa Reis).

CAMPAMENTOS CONCILIA NO NADAL

Prazas: Limitadas. Ocuparanse por rigorosa orde de inscrición.

INSCRICIÓNS: Do 4 ata o 18 de decembro.

Enviar a casadacultura@concellodemesia.gal.

XOECON de 3 a 12 anos

Datas: Do 22 de decembro a 5 de xaneiro.

Horario: 08:30 a 09:30h. Aula concilia.

09:30 a 14:00 h. Campamento.

Prezo: 10€.

Idades: Haberá **GRUPOS** por idades de 3 a 12 (de nenos escolarizados ata 1º ESO).

Caract. actividade:

Faranse obradoiros culturais, cociña, xogos nadal, bailes, disfraces, contacontos, etc.

CONCILIA XOVE

Datas: 2, 3 e 4 de xaneiro 2024. De 11 a 13h.

Prezo: 10 €.

Idades: De 14 a 17 anos.

Caract.: Actividades culturais e deportivas: DANZA URBANA, PINTURA...etc.

Lugar: Brañas da Valga, Visantoña.

FESTA DE REIS



Día: 5 de xaneiro.

Lugar: Pendente de confirmar, informaremos do lugar a través da web ou facebook: *ConcelloMesía*.

Horario: 16:00 - 19:00 h.

Caract.: Haberá inflables e talleres de manualidades e agasallos que traerán os reis para nenos/as ata 12 anos.

Idades: Para todas as idades.

Inscricións: Ata o 30 de decembro.

PREZO: Gratuíto (é necesario inscribirse).

NADAL NOS COLES "TURUTURU CHEGOU O PAXE"

Día: 21 de decembro

Caract: Contacontos de "Tremóla Teatro"

O mismísimo paxe real atopounos. Este paxe leva centos de anos traballando para as súas maxestades de Oriente e coñece á perfección toda a súa historia, ademais dalgunha que outra anécdota graciosa do seu traballo. Acompañaos nesta máxica aventura!

O paxe recollerá as cartas dos Reis Magos e repartirá chuches para todos/as no **CPI de Xanceda**, nas **EEI Olas e EEI Visantoña e no PAI**.

SAÍDAS



XUVENLUGO

Día: 3 de xaneiro.

Lugar: Saída da Casa da Cultura 15:00 e chegada 21:30.

Caract.: Imos ó parque de atraccións de feira cuberto en Lugo.

Idades: Para todas as idades, pero os menores de 12 anos deben ir acompañados dun adulto.

Inscricións: Ata o 29 de decembro.

PREZO: 8 €.

PATÍN XEO E CINE OU ESCAPE ROOM

Día: 27 de decembro.

Lugar: Saída da Casa da Cultura 10:15 e volta a partir das 18:00 (depende do cine).

Caract.: Pista xeo ás 11:00 e cine ou escape room (maiores de 14 anos) tras a comida. Importante **traer guantes e roupa de recambio** quen patine.

Idades: Para todas as idades, pero os menores de 16 anos deben ir acompañados dun adulto. Mozos/as de 16 anos que non vaian patinar nin ao cine (que non sexan acompañantes) non terán preferencia, só irán se hai prazas libres.

Inscricións: Ata o 21 de decembro.

PREZO: Patinaxe 5€, Cine 5€, Autobús 5€, Escape 8€

TORNEOS SOLIDARIOS



A beneficio da
Asociación Española
Contra o Cancro



XIII Torneo de fútbol sala "MESÍA CONTRA O CÁNCRO"

Sábado 23 de decembro.

A partir das 10:00 h. no Pavillón de Olas.

Semis e Finals a partir das 15:30 h.

A favor da Asociación Española Contra el Cáncer.

Máis info na web.

VI Torneo infantil "MESÍA SOLIDARIA"

Venres 22 de decembro.

A partir das 15:00 h. no Pavillón de Olas.

Entrada-donativo: deportistas e público 2€ **a favor de AMARAI**, Asociación de persoas con diversidade funcional (de Boimorto).

DEPORTE ABERTO NO NADAL



Caract.: Xornadas de entretemento, de fomento e de coñecemento das actividades físicas e deportivas municipais que realizamos dende o Concello de Mesía.

Polo Nadal: Vir con algún detalle ou motivo navideño.

Lugar: Pavillón de Olas

Idades: Para maiores de 12 anos, adultos e maiores.

Inscripcións: Quen queira probar só ten **avisar ata 2 días antes no teléfono 699 453 750.**

(Mínimo 10 persoas por actividade.)

CACHIBOL

Venres 22 decembro ás 10:30 - 12:00 h.

AEROBIC - ZUMBA

Venres 22 decembro ás 21.30 h.

XIMNASIA - BAILE MAIORES

Martes 26 decembro ás 11:00 h.

PILATES

Mércores 3 de xaneiro ás 20:30h.

Imprescindible traer ESTERILLA para Pilates

XIMNASIA DE MANTEMENTO

Mércores 3 de xaneiro ás 21:30h.

ESCOLA DE PAIS E NAIS



Que tal se lle damos unha volta a eso de mercar xoguetes?

Eso é o que pretendemos dende a escola de Pais e Nais do Concello de Mesía.

CHARLA OBRADOIRO

Convidámosvos a unha charla que terá lugar no CPI de Xanceda. Nela abordaremos o tema do xogo e os xoguetes e xogaremos por suposto! Podedes acudir cos peques. A charla irá dirixida a nenos/as de idades comprendidas entre os 3 e 12 anos.

Día: LUNS, 11 de decembro.

Hora: 16:30 Aula de música do CPI Xanceda ou CdC.

Inscripción: 981687001 ext.3 ou no mail:

casadacultura@concellodemesia.gal

MERCADO DE XOGUETES



Fomentar o troco de xoguetes é o obxectivo deste mercadillo, impulsando a reutilización, ofrecendo unha alternativa ao consumo e alongando a vida dos xoguetes.

O público infantil poderá traer xoguetes que xa non utilice e **estean en bo estado**, pode ser calquera xogo, libro, conto, quebracabezas, etc. Poderán intercambialo por outros obxectos que trouxesen outros nenos e nenas. Toda a info na web e no facebook.

O alcalde, toda a corporación do Concello de Mesía e os/as traballadores/as municipais deséxanlles Bo Nadal e un Feliz Aninovo 2024!

